

ASEMBLEA XERAL

2023

**CLUB MONTAÑA FERROL  
ALPINISTA ABRENTE**

**MEMORIA  
CONTAS  
ESTATÍSTICAS**



# ASEMBLEA XERAL 2023

O Club presenta á **Asemblea Xeral de Soci@s**, por fin de xeito presencial, despois destes 2 anos, recuperando o feito de dar contas ante @s soci@s. Este feito concorda ca cantidade de actividade e participación que xa houbo neste ano 2022

Este ano houbo de todo, cambio de nome e estatutos incluídos.

**UN FEITO HISTÓRICO**, que creemos que non se deu en ningures, foi recuperar, un club, unhas xentes, uns tempos:

**Anos 1935/1936: Club Alpinista Abrente**, Que saibamos os primeiros cun nome ligado a montaña en toda Galicia.

9 meses de grande actividade por toda a comarca. A súa última saída rexistrada foi a Seselle o **18 de xulio do 36**, nunca mais volveuse a saber dos Abrentistas. ¿tamén no deporte?

Os amigos do **Comuneiros do Cha**, están xa a remarcar rutas polos *Montes dos Poetas*, como fixeron eles e elas. E en Outubro redescubrimos un lugar máxico para Abrente: **O Monumento o Camiñante descoñecido de Barallobre**

## RELACCIONS CO CONCELLO:

Os municipais pasan e nos quedamos. As relacións co concello foron escasas e costa abrir vías de comunicación, pero o final hai que destacar que tanto **Antonio Golpe** como **Julian Reina**, tiveron un papel destacado na reapertura e posta ó día do rocodromo. Como positivo hai que destacar, que **estes catro anos foron un revulsivo** para o rocodromo, que por fin este ano estrea porta e control de acceso, pero traballo nos costou!

Unha instalación municipal, na que non deixamos de inverter, tempo e cartos, e

que outros que logo se autovenden, critican e din ue son de outro lado da ría O que está claro que nunca tanta xente houbo escalando en Ferrol, e nunca se agradecerá nin se lles dará un premio nesas galas onde se premian os deportes de balón e pouco mais, pero sen xente como **Luis**, atento sempre a instalación, ademais de percorrer os demais rocos de Galicia e saír a zonas escola, a paciencia con nenos e nenas (.. e non tan novos) de **Ana e Javi**, que levan bautizado mais novatos, que toda a diocese, ou compañeiras como **Gala e Patri** que se líaron para que o **Día Da Muller** tamén aportasen un grao de area nesas paredes.

Facer mención tamén da **non colaboración de Protección Civil** nos 50kms, cousa rara as explicacións que nos derón, mentres a **Policia Local**, **botaba unha mau** coma todos os anos

Certo é que recuperamos e incluso subimos a contía da subvención anual, pero tamén é certo que a política deportiva segue a ser inexistente. Ver os concelleiros é un acto de fé, e xa de temas de colaboración con outras areas por mais que o intentamos, non é posible (**Medioambiente**, desaparecida, **Patrimonio** boas verbas e punto fai dous anos, **Turismo**, nin se sabe, e así..)

Quixeramos facer mención, que hai concellos, que o revés que o de Ferrol, nos teñen en consideración.

**San Sadurniño**, preguntannos que que se pode facer na beira do Río Xubia.

Na idea dos 30 kms de Bezoucos, **Ares** nos recibe nada mais plantexalo, e logo **Fene, Cabanas e Mugardos** mostran o seu apoio sen problema, e con ilusión. Ese proxecto que tomamos con gañas en que o compañeiro **Alfonso**, coordinará como en

todos so grades traxectos, xa está man a obra para que non se perda ninguén

**SORPRESA NO CAMIÑO A TEIXIDO:** Pero se hai que non deixou descolocados, foi o que aconteceu, no segundo percorrido que fixemos polas partes mais interesantes do **Camiño a Teixido**, que os concellos se empeñan en non potenciar dun xeito camiñable. Nesa ruta onde recuperamos as “**caldupeiras**” de Porto de Cabo na figura dos nosos incansables amigos da **Casa do Morcego**, sae a sorpresa, que estes romeiros están invitados pola **Concelleira de Turismo de Narón** (á que nestes catro anos vimos mais que os municipais ferroláns), **Natalia Hermida**. Está claro que as políticas, poden ser unhas ou outras, e logo está a xente que as fai, e isa é a diferenza final. E que non se entenda que nos vendemos por un prato de caldo...je nunca mellor dito!

A nivel de contabilidade, recuperando unha grande cantidade de movementos, e ademais cun déficit imporante, todo hai que dicilo. Mais de 13.000, pero viñamos de anos raros: pintamos o local, botamos tarima, mercamos un portátil, invertemos no roco, subvencionamos moito as actividades.

Seguimos a subvencionar as licenzas federativas infantís, as de maiores de 65 anos, as de participación en competicións, e o grupo de colaboradores.

Mantemos esa tónica de manter un pequeno superávit, para manobrar economicamente con adiantos de pagos das actividades. Aínda que xa hai que retomar a senda da contención

As actividades, por fin sen impedimentos están a recuperar un bo ritmo. Facía moito

que non contratábamos tantos buses a ese colaborador tan cercano como é **Autos Paco**.

**EÓLICOS:** Seguimos ca nosa teima de que o Alcalde ou alguén, nos explique os plans eólicos, e se saiba de verdade como vai quedar toda a bisbarra, por iso dicimos que, eólica si, como non... pero imos discutila, de feito, **o Día Internacional da Montaña** celebrámosos cunha rutiña por Moeche e as súas alturas

Seguimos ca **MARCHA NÓRDICA**, da man da empresa dun compañeiro noso KAPITREK, non logramos que esta actividade que está a medrar en toda Galicia, cale entre nos

Cambiamos **Caurel** polas **Fragas de Carballido**, con percorrido espectacular, **Ancares**, itinerario novo o Penarrubia e, así **Babia**.. tamén fomos, o tema da neve segue a ser moi preocupante. ¡Fixemos unha raquetada..sen raquetas!

Por fin pechámolo ciclo dos **30kms do Belelle**, con es XV edición que se nos resistía, cun día espectacular. E retomamos os **50kms da Costa Ártabra** na sua VII edición

No tema da **orientación e raids**, seguen poucos compañeiros, pero inasequibles o desalento estamos aí a manter o estandarte.

## **POIS BEN..XA ESTAMOS NO 23!**

Co IPC ó alza, actualizamos de novo as cotas.

Este ano si o **CALENDARIO**, imos retomalo todo e mais. Xa se notou un alza na participación e imos seguir así. Pero si

incluso **recuperámolos callos do 1 de Xaneiro**. Cun día de perros, mellor de ras, percorrimos os montes de Vilasanche, ou mais ben os rios. Pero ai estamos de novo da man do **GUITIRIZ**, con 30 racións de callos

Seguimos explotando a **Alvaro** para ver paxaros e a **Chus** que organizará 2 actividades medioambientais.

A VIII marcha de **50kms da Costa Ártabra Concello de Ferrol, (XXIII de Ferrol)** non ten dubida, pero si que ten un novo proxecto: **os 30kms da Península de Bezoucos**. Como veña un día bo, o persoal

vai alucinar ca costa de Cabanas, Fene, Ares e Mugardos.

Na **escalada**, seguiremos, cos compas **Javi e Ana** cos talleres, e **Luis** cos martes de practicas, con todas as melloras que sigue a introducir, cunha porta de acceso por fin, e visitando todos os rocos de Galicia ..incluído o novo de Coruña, da mau dos nosos amigos de AMI

Os compañeiros de **Orientación**, con expectativa de calendario de competición, simplemente estar ai, é un logro, como entidade que somos dende que naceu a **FEGADO**.

### MOVEMENTOS DE SOCI@S

Soci@s Nov@s	40
Baixas	14
<b>Total</b>	<b>345</b>

### COMPARATIVA 2020/2021/2022

	2022		2021		2020	
	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS	GASTOS
Actividades	6.585,00 €	9.456,57 €	628,00€	3.033,86 €	1.534,00 €	2.603,32 €
Actividades/RAIDS	468,00 €	525,00 €	237,00€	250,50 €	161,00 €	310,00 €
Aulas Verdes			16,00€	25,00 €		
Actividades Marcha Nórdica	109,00 €	530,09 €				
Actividades/Rocodromo	288,00 €	2.410,00 €	277,00€	1.250,00 €		
Actividades/Escalada	€ -	3.520,69 €	- €	1.098,70 €		
Cuotas	12.713,27 €	43,65 €	12.341,90€	- €	8.897,34 €	- €
Gasto persoal admin	€ -	9.071,00 €	- €	6.339,00 €	- €	3.285,00 €
Licenzas	16.205,44 €	12.098,44 €	14.319,00€	10.297,00 €	10.686,60 €	5.682,60 €
Material promoción	183,00 €	2.020,08 €	445,00€	1.502,08 €	310,00 €	1.579,32 €
Outros gastos	€ -	6.145,61 €	138,00€	4.601,06 €	1.276,98 €	5.067,06 €
Outros servizos	€ -	2.770,49 €	- €	2.436,06 €	- €	1.908,32 €
Outros tributos	€ -	226,85 €	- €	226,85 €	- €	226,85 €
Primas de seguros	€ -	1.207,51 €	- €	1.477,11 €	- €	1.405,82 €
Servizos bancarios e similares	€ -	815,96 €	- €	635,29 €	- €	456,42 €
Subvencions	5.912,50 €	- €	5.787,50€	- €	3.450,00 €	- €
Outros Anos (Cobros/Pagos)	1.990,00 €	6.871,08 €	1.406,00€	5.083,14 €	984,00 €	5.265,00 €
<b>Total Xeneral</b>	<b>44.454,21 €</b>	<b>57.713,02 €</b>	<b>35.595,40€</b>	<b>38.255,65 €</b>	<b>27.299,92 €</b>	<b>27.789,71 €</b>